

XUNTANZA MESA XERAL PERSONAL FUNCIONARIO E LABORAL XUNTA DE GALICIA

O día 17 de marzo de 2023, celebrouse a xuntanza da **Mesa xeral de empregados públicos**, na que se trataron as seguintes cuestións:

1. Modificación da RPT referente ao proceso de funcionarización de postos de traballo de persoal laboral da Xunta de Galicia correspondente ao corpo de Agrupación profesional do persoal funcionario, escala de persoal de limpeza e cociña e recursos naturais e forestais (especialidade de persoal de limpeza e cociña).

Dende a DXFP remitiron un documento cuns 60 postos nos que se revisa a asignación do nivel de complemento de destino en función dos complementos orzamentados para os postos e **que se reclasifican fundamentalmente aos niveis 12 e 14.**

Trátase de postos fundamentalmente correspondentes a camareiras-limpadoras e limpadoras, aínda que hai algún posto máis correspondente a persoal de cociña que tamén se reclasifica segundo o alegado por **CCOO**.

Neste punto dende **CCOO** manifestamos a nosa disconformidade con que o persoal a funcionarizar nas categorías de limpeza teñan un complemento de destino do nivel 9, e xa nos opuxemos mesmo á modificación do nivel mínimo da Agrupación profesional de subalternos, que estaba no 10 e baixouse ao 9 para a funcionarización deste persoal.

En ningún caso podemos compartir a precarización do emprego público e pedimos unha reflexión á dirección xeral da Función Pública, para revisar esta clasificación, xa que **non entendemos o trato diferenciado do persoal de limpeza con respecto ás categorías 003 e 10E do grupo V**, no que en ningún caso se plantexou un nivel inferior ao 10.

Neste caso ademais **estamos falando dun colectivo especialmente feminizado** e se temos en conta o impulso que dende esta Administración estáselle dando á igualdade coa negociación do I Plan de Igualdade e coa modificación da Lei de Igualdade, non entendemos que se profundice na fenda salarial que xa existe na Xunta de Galicia.

A subida de custos salariais que se alega á hora de clasificar ao persoal da escala de limpeza no nivel 10 **queda claramente neutralizada polo aforro dos costes sociais dos postos funcionarizados** do persoal laboral fixo (que supoñen agora un total de 643 postos) e se temos en conta que dos 1400 postos temporais a maioría serán fixos trasos procesos de consolidación en curso, os números serían aínda máis positivos a favor da Administración.

Santiago de Compostela

Rúa Miguel Ferro Caaveiro, 8 1º andar
CP 15707
Telf. 981 551 826
ensino.stgo@galicia.ccoo.es

A Coruña

Avda. Alfonso Molina, km 2, 3º andar
CP 15008
Telf. 981 145 895
scensino.coru@galicia.ccoo.es

Ferrol

Rúa María 42-44
CP 15402
Telf. 981 369 336
scensino.ferrol@galicia.ccoo.es

Lugo

Rolda da Muralla 58, 4º andar
CP 27002
Telf. 982 221 060
scensino.lugo@galicia.ccoo.es

Ourense

Parque San Lázaro 12, 3º andar
CP 32300
Telf. 988 392 256
scensino.oure@galicia.ccoo.es

Pontevedra

Rúa Pasantería 1, 2º andar
CP 36002
Telf. 986 866 276
scensino.pont@galicia.ccoo.es

Vigo

Rúa das Teixugueiras 11 entrechán
CP 36212
Telf. 986 246 847
scensino.vigo@galicia.ccoo.es

O Barco

Praza do Concello 2, 1º andar
CP 32300
Telf. 988 322 034
scensino.oure@galicia.ccoo.es

Monforte

Roberto Baamonde s/n
CP 27400
Telf. 982 401 518
scensino.lugo@galicia.ccoo.es



XUNTANZA MESA XERAL PERSONAL FUNCIONARIO E LABORAL XUNTA DE GALICIA

Por outra parte tamén reclámanos a **homoxeneización de todos os postos que estean desenvolvendo as mesmas funcións con independencia do centro** no que se encontren, xa que agora, mesmo atopamos diferencias dentro dos mesmo centro.

Neste caso pensamos que se trata dun erro de contraste de datos, xa que compara os postos que se reclasifican cos das mesmas características nas RPTs, pero esta en moitos casos non reflexa a realidade xa que en moitos **postos hai complementos gañados por sentenzas xudiciais que non están incorporados á RTP.**

En todo caso, remitiuse no día de hoxe **un documento en excel de novo con postos modificados para poder presentar alegacións adicionais.**

2. Modificación da Relación de Postos da consellería do Mar.

a) En relación coa modificación da RPT da Consellería do Mar levamos a sorpresa de que se retomase unha negociación iniciada no mes de xullo do ano pasado, e mesmo que nesta semana xa se levase para a súa negociación na mesa xeral de empregados públicos.

En todo caso destacamos desta RPT que é necesario que a Consellería faga unha análise máis profunda e máis real das necesidades de efectivos da mesma fundamentalmente creando postos de tipo administrativo para facer fronte ao aumento da carga de traballo que ten na mesma. Tamén se necesita mais dotación de prazas no Servizo de Gardacostas, pois curiosamente nesta RPT créase un novo centro operativo en Portosín que de facto xa existía cun total de 17 postos de traballo e dótase a unidade operativa de Ferrol de 7 novos postos, mentres se amortizan outros 18 fundamentalmente de vixiante mariñeiro/a.

A pesar de que se crean 36 postos que teñen un nivel superior de complemento de destino, **hai un total de 56 amortizacións, o que supón un saldo neto negativo de 20 postos**, nunha Consellería que precisa mais persoal para afrontar o servizo público que presta.

Aínda así destacamos en positivo **a creación dun posto de xefatura de sección e outro de xefatura de negociado** no Servizo de Ensino e titulacións Náutico.Pesqueiras, na Subdirección Xeral de Xestión, Ensino e Relación Sectoriais, **xa que estes postos serven para devolver ao público un servizo que ata o de agora estaba externalizado.**

Santiago de Compostela

Rúa Miguel Ferro Caaveiro, 8 1º andar
CP 15707
Telf. 981 551 826
ensino.stgo@galicia.ccoo.es

A Coruña

Avda. Alfonso Molina, km 2, 3º andar
CP 15008
Telf. 981 145 895
scensino.coru@galicia.ccoo.es

Ferrol

Rúa María 42-44
CP 15402
Telf. 981 369 336
scensino.ferrol@galicia.ccoo.es

Lugo

Rolda da Muralla 58, 4º andar
CP 27002
Telf. 982 221 060
scensino.lugo@galicia.ccoo.es

Ourense

Parque San Lázaro 12, 3º andar
CP 32300
Telf. 988 392 256
scensino.oure@galicia.ccoo.es

Pontevedra

Rúa Pasantería 1, 2º andar
CP 36002
Telf. 986 866 276
scensino.pont@galicia.ccoo.es

Vigo

Rúa das Teixugueiras 11 entrechán
CP 36212
Telf. 986 246 847
scensino.vigo@galicia.ccoo.es

O Barco

Praza do Concello 2, 1º andar
CP 32300
Telf. 988 322 034
scensino.oure@galicia.ccoo.es

Monforte

Roberto Baamonde s/n
CP 27400
Telf. 982 401 518
scensino.lugo@galicia.ccoo.es



XUNTANZA MESA XERAL PERSONAL FUNCIONARIO E LABORAL XUNTA DE GALICIA

a) Na proposta orixinal para o **persoal Técnico/a Facultativo/a de recursos mariños (Biólogos/as de zona)**, xa no mes de xullo só se propoñía unha reclasificación ao nivel 24 de complemento de destino, así como a incorporación do requisito imprescindible do permiso de condución tipo B para estes postos. Agora preséntasen para esta mesa xeral **unha proposta de acordo para regular as condicións de traballo deste persoal máis completo que o inicial**, que só facía referencia as funcións e os novos requisitos de carnet de conducir e horario especial, para a súa reclasificación no nivel 24.

Valoramos positivamente o esforzo da Consellería do Mar, **que recolleu as nosas alegacións**, para que as funcións e o que significa o horario especial e as correspondentes compensacións para este persoal **quedasen mellor delimitado no texto**, e mesmo o acordo teña unha vixencia para a súa renegociación cando remate (vixencia ata o 31 de decembro do 2025), así como unha comisión de seguimento para avaliar os problemas que puidesen xurdir na súa aplicación. **Temos de prazo ata as 14 horas do luns día 21 para presentar novas alegacións, para poder defendelas nunha xuntanza a celebrar o martes día 22 de marzo.**

3. Modificación da RPT da Consellería de Política Social e Xuventude consistente na transformación dunha praza de laboral en funcionario.

Neste caso trátase dunha modificación dun único posto de traballo de Titulada/o Superior Psicóloga/o, dependente da dirección xeral de maiores e persoas con discapacidade, que estaba na RPT como un **posto de persoal laboral no Grupo I categoría 006, e que pasa a transformarse nun posto de persoal funcionario da Corpo de facultativos superiores, escala de Psicoloxía, no subgrupo A1 e cun nivel de complemento de destino do 22.**

Non nos opoñemos a esta modificación xa que ten por **obxecto facilitar a toma de posesión dos aspirantes que aprobaron o último proceso selectivo desta escala**, pero aproveitamos para reclamarlle á Consellería de Política Social e Xuventude que retome as negociacións que temos pendentes dende fai moito tempo ao respecto das compensacións do persoal que traballa a quendas nos centros de atención directa, e unha modificación integral da RPT da Consellería para dotala do persoal necesario, empezando por pasar todas as medias xornadas e fins de semana a xornada completa, para garantir unha mellor prestación dos servizos esenciais que ten encomendados, así como para solucionar algúns erros coas prazas do persoal funcionariado que xa temos denunciado.

Santiago de Compostela

Rúa Miguel Ferro Caaveiro, 8 1º andar
CP 15707
Telf. 981 551 826
ensino.stgo@galicia.ccoo.es

A Coruña

Avda. Alfonso Molina, km 2, 3º andar
CP 15008
Telf. 981 145 895
scensino.coru@galicia.ccoo.es

Ferrol

Rúa María 42-44
CP 15402
Telf. 981 369 336
scensino.ferrol@galicia.ccoo.es

Lugo

Rolda da Muralla 58, 4º andar
CP 27002
Telf. 982 221 060
scensino.lugo@galicia.ccoo.es

Ourense

Parque San Lázaro 12, 3º andar
CP 32300
Telf. 988 392 256
scensino.oure@galicia.ccoo.es

Pontevedra

Rúa Pasantería 1, 2º andar
CP 36002
Telf. 986 866 276
scensino.pont@galicia.ccoo.es

Vigo

Rúa das Teixugueiras 11 entrechán
CP 36212
Telf. 986 246 847
scensino.vigo@galicia.ccoo.es

O Barco

Praza do Concello 2, 1º andar
CP 32300
Telf. 988 322 034
scensino.oure@galicia.ccoo.es

Monforte

Roberto Baamonde s/n
CP 27400
Telf. 982 401 518
scensino.lugo@galicia.ccoo.es



XUNTANZA MESA XERAL PERSOAL FUNCIONARIO E LABORAL XUNTA DE GALICIA

4. Proxecto de Orde, no relativo a flexibilidade horaria por motivos de conciliación familiar de acordo co establecido na Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico da Galicia ou desfrute da bolsa de horas de libre disposición por motivos de conciliación familiar.

a) Flexibilidade horaria: Neste caso é certo que xa mantivemos varias xuntanzas previas para tratar o relativo á **flexibilidade horaria por motivos de conciliación familiar** de acordo co establecido na Lei de impulso demográfico de Galicia e mesmo este asunto xa pasara por mesa xeral. En todo caso, na nova proposta da Administración engádese o desfrute da bolsa do 5% de horas de libre disposición por motivos de conciliación familiar en desenvolvemento do Acordo de concertación social para o emprego de Galicia, asinado por **CCOO, no ano 2019**.

Como xa anticipáramos na anterior xuntanza sobre este tema o que nós pretendemos é que esta regulación se aprobase o antes posible, xa que ata o de agora as solucións adoptadas polas diferentes Consellerías están sendo distintas: unhas denegan a conciliación por fillos menores pero maiores de 12 anos (agora amplíase ata os 18), en base á carencia de desenvolvemento regulamentario e outras conceden o permiso en aplicación da lexislación básica estatal.

Tamén ao respecto do artigo 2, entendemos que a esixencia de que as persoas que soliciten a conciliación teñan que convivir coa persoa que xera o dereito, débese completar coa posibilidade de beneficiarse das medidas de conciliación para aquelas persoas traballadoras que teñan a condición de coidador ou teñan a persoa a cargo, con independencia de que convivan, con ela ou non, no mesmo domicilio, xa que o contrario sería descoñecer a realidade.

No artigo 4, solicitamos que se inclúa dentro desa gradación de **criterios de prioridade ás familias monomarentais e monoparentais**.

A lei de impulso demográfico non opera unicamente sobre o emprego público e pensamos que non estaría de máis poñer unha referencia que as entidades do artigo 45 b) da LOFAXGA para que tamén regulen estas cuestións ou ben podan adherirse a este texto

Santiago de Compostela

Rúa Miguel Ferro Caaveiro, 8 1º andar
CP 15707
Telf. 981 551 826
ensino.stgo@galicia.ccoo.es

A Coruña

Avda. Alfonso Molina, km 2, 3º andar
CP 15008
Telf. 981 145 895
scensino.coru@galicia.ccoo.es

Ferrol

Rúa María 42-44
CP 15402
Telf. 981 369 336
scensino.ferrol@galicia.ccoo.es

Lugo

Rolda da Muralla 58, 4º andar
CP 27002
Telf. 982 221 060
scensino.lugo@galicia.ccoo.es

Ourense

Parque San Lázaro 12, 3º andar
CP 32300
Telf. 988 392 256
scensino.oure@galicia.ccoo.es

Pontevedra

Rúa Pasantería 1, 2º andar
CP 36002
Telf. 986 866 276
scensino.pont@galicia.ccoo.es

Vigo

Rúa das Teixugueiras 11 entrechán
CP 36212
Telf. 986 246 847
scensino.vigo@galicia.ccoo.es

O Barco

Praza do Concello 2, 1º andar
CP 32300
Telf. 988 322 034
scensino.oure@galicia.ccoo.es

Monforte

Roberto Baamonde s/n
CP 27400
Telf. 982 401 518
scensino.lugo@galicia.ccoo.es



XUNTANZA MESA XERAL PERSONAL FUNCIONARIO E LABORAL XUNTA DE GALICIA

a) **Bolsa de horas:** Manifestamos tamén o noso **desacordo coas exclusións recollidas no artigo 3**, xa que cando se falaba no mesmo do persoal dos centros docentes, entendíamos que se excluía a aplicación desta norma ao persoal docente, pero en ningún caso ao persoal non docente, como é o persoal auxiliar administrativo, subalterno, ao persoal coidador e ao persoal de limpeza, que deben ter o mesmo dereito á conciliación familiar que o resto do persoal da Xunta de Galicia. Neste caso xa é confirmado por parte da dirección xeral de función pública **que o persoal non docente dos centros de ensino sí estaría incluído** no seu goce, incluído o persoal de cociña e limpeza.

Tampouco podemos concordar coa exclusión do persoal dos centros de atención directa a dependentes da Consellería de Política Social e Xuventude, do goce da bolsa de horas por conciliación, xa que estando ligada esta ás necesidades do servizo, entendemos que xa queda convintemente garantizada a prestación do servizo público e mesmo a súa limitación nos casos nos que estea xustificada.

Podemos entender que nun centro que se traballa 24 horas ao día en quendas, gozar de dúas ou tres horas nunha xornada, podería dar lugar a ter que contratar a persoas por 2 ou 3 horas para esa substitución, **e polo tanto o que propoñemos e que antes de que queden fora deste dereito**, todas estas persoas traballadoras da área asistencia, **se lles permita facer uso da bolsa de horas por xornadas completas**, porque a exclusión completa sería inaceptable..

Respecto á regulación proposta para a **bolsa de horas**, o prazo de devolución de 3 meses parécenos curto, e en todo caso entendemos que non deben computarse eses 3 meses dende o feito causante do dereito ao gozo das horas, senón dende a resolución pola que se concede o uso da bolsa ou dende que finalice o seu uso.

Temos de prazo para presentar novas alegacións ata o próximo luns día 20 de marzo ás 14 horas, e a Administración comprométese a revisalas e remitir un novo texto para a súa discusión a próxima semana, coa intención de que esta regulación quede aprobada no mes de marzo.

Santiago de Compostela

Rúa Miguel Ferro Caaveiro, 8 1º andar
CP 15707
Telf. 981 551 826
ensino.stgo@galicia.ccoo.es

A Coruña

Avda. Alfonso Molina, km 2, 3º andar
CP 15008
Telf. 981 145 895
scensino.coru@galicia.ccoo.es

Ferrol

Rúa María 42-44
CP 15402
Telf. 981 369 336
scensino.ferrol@galicia.ccoo.es

Lugo

Rolda da Muralla 58, 4º andar
CP 27002
Telf. 982 221 060
scensino.lugo@galicia.ccoo.es

Ourense

Parque San Lázaro 12, 3º andar
CP 32300
Telf. 988 392 256
scensino.oure@galicia.ccoo.es

Pontevedra

Rúa Pasantería 1, 2º andar
CP 36002
Telf. 986 866 276
scensino.pont@galicia.ccoo.es

Vigo

Rúa das Teixugueiras 11 entrechán
CP 36212
Telf. 986 246 847
scensino.vigo@galicia.ccoo.es

O Barco

Praza do Concello 2, 1º andar
CP 32300
Telf. 988 322 034
scensino.oure@galicia.ccoo.es

Monforte

Roberto Baamonde s/n
CP 27400
Telf. 982 401 518
scensino.lugo@galicia.ccoo.es



XUNTANZA MESA XERAL PERSOAL FUNCIONARIO E LABORAL XUNTA DE GALICIA

Rogos e preguntas.- Información facilitado pola DXFP.-

- **Procesos funcionarización:** Respecto do **último proceso de promoción interna do persoal laboral do Grupo V, categoría 001**, de camareira/o limpadora/or e axudante de cociña, nomeados como persoal laboral fixo en maio do 2021 e que están neste momento en destino provisional, **terán a posibilidade de funcionarizarse, sempre de forma voluntaria, ao igual que o resto do persoal pendente de funcionarización, e que adquiriron a condición de persoal laboral fixo en todos os procesos selectivos que están rematando neste momento.** Estes procesos pretenden negociarlos durante este semestre, polo que tamén afectaría ao persoal laboral do Consorcio galego de Servizos de Igualdade e Benestar, e a outros colectivos que non tiñan a condición de persoal laboral fixo con posterioridade á entrada en vigor do EBEP no ano 2007.
- **Comisión seguimento acordo Gardacostas:** Aproveitamos a presenza nesta mesa xeral da Vicesecretaria da Consellería para solicitar a **convocatoria da comisión de seguimento do acordo de Gardacostas.**
- **Procesos selectivos:** resolucións sobre o procesos selectivos pendentes.
 - **Bombeiros forestais:** esta semana publicouse o listado do baremo provisional, pero a aplicación non permite facer as alegacións coa Chave 365 dende dentro da rede da Xunta de Galicia. Aínda que consideran que o persoal dentro da rede da Xunta de Galicia debería ter a tarxeta de empregado público, e polo tanto, sinatura electrónica, medio polo que si se pode acceder á presentación de alegacións, quedaron de revisar o problema.
 - **Elección destino:** publicaranse entre hoxe o o próximo luns as prazas correspondentes a Agrupación de persoal funcionario subalterno, as da especialidade de Enfermería e as da especialidade de Psicoloxía, tanto nos procesos de persoal laboral como nos de persoal funcionario.
 - **Baremo definitivo:** na próxima semana saíran as baremacións definitivas da escala de Veterinarios, Educación Social e Traballo Social.
 - **Tomas de posesión:** **nas vindeiras semanas irán tomando posesión o persoal de todos estes procesos. O que vai máis retrasado é o de Bombeiros/as forestais.**
- **Negociación RPT e publicación da Orde de integración do persoal laboral fixo do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar:** polo que respecta á Orde de integración, estase rematando a súa tramitación administrativa para poder publicala

Santiago de Compostela

Rúa Miguel Ferro Caaveiro, 8 1º andar
 CP 15707
 Telf. 981 551 826
ensino.stgo@galicia.ccoo.es

A Coruña

Avda. Alfonso Molina, km 2, 3º andar
 CP 15008
 Telf. 981 145 895
scensino.coru@galicia.ccoo.es

Ferrol

Rúa María 42-44
 CP 15402
 Telf. 981 369 336
scensino.ferrol@galicia.ccoo.es

Lugo

Rolda da Muralla 58, 4º andar
 CP 27002
 Telf. 982 221 060
scensino.lugo@galicia.ccoo.es

Ourense

Parque San Lázaro 12, 3º andar
 CP 32300
 Telf. 988 392 256
scensino.oure@galicia.ccoo.es

Pontevedra

Rúa Pasantería 1, 2º andar
 CP 36002
 Telf. 986 866 276
scensino.pont@galicia.ccoo.es

Vigo

Rúa das Teixugueiras 11 entrechán
 CP 36212
 Telf. 986 246 847
scensino.vigo@galicia.ccoo.es

O Barco

Praza do Concello 2, 1º andar
 CP 32300
 Telf. 988 322 034
scensino.oure@galicia.ccoo.es

Monforte

Roberto Baamonde s/n
 CP 27400
 Telf. 982 401 518
scensino.lugo@galicia.ccoo.es

